

## **De 11 a 13h. Obradoiros simultáneos**

- 1. Necesidades e retos da adolescencia, Carmen Loureiro, Profesora de Lingua e Educación para a Cidadanía no IES da Illa de Arousa . Mestra e Licenciada en Psicoloxía.**

Como harmonizar os desexos e os límites ? Como potenciar a súa autoestima sen caer na prepotencia? Como coñecer e xestionar as súas emocións básicas? Como facilitar as súas habilidades sociais para enfrontarse á exclusión ou á presión dos iguais? Como abordar os conflitos de xeito construtivo?

- 2. Os nenos e as nenas no tempo. Os seus tempos , Antonio Pinto Antón, Licenciado en Historia, Mestre e Pedagogo de Preescolar na casa.**

Imos falar de nenas e nenos pero non como cascas baleiras que hai que encher de futuro senón como persoas que teñen todos os dereitos recoñecidos mais tamén teñen deberes. Por todo isto cómpre insistir na importancia educativa destes anos cando eles e elas están a se construír como persoas, cando entre todos debemos construír os seus tempos.

## **De 16 a 18h. A comunicación coas nosas crianzas: cuestión de calidade, Bibiana Camaño, membro da Asociación Chísem. Prevención e Intervención Psicolóxica**

Falar cos nosos fillos e fillas é algo normal, pero comunicarnos con eles e elas non é unha tarefa doada. É moi importante aprender a comunicarnos en familia, xa que isto axuda aos nosos fillos e fillas a desenvolver a confianza en si mesmos e a afianzar as súas relacións, tanto cos iguais como cos pais e nais.

## **Ás 18h. Dous Pallasos en Apuros, de Os Sete Magníficos máis Un.**


Actividade lúdica dirixida ao público familiar propón aos máis pequenos unha revisión cómica sobre situacións do mundo real co humor e a ilusión herdadas do circo clásico.

**Haberá servizo de gardaría**



# ESCOLA DE PAIS E NAIS

**SÁBADO 2 DE XUÑO**  
**Salón de actos da Deputación de Lugo**



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura